



RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Materia	Xeografía e Historia de Galicia	Nivel	2º BAC
Profesor	PERNAS OROZA, Herminia		

CONTIDOS

1º TRIMESTRE

TEMA 1

O MEDIO FÍSICO DE GALICIA: RELEVO, CLIMA E PAISAXES NATURAIS

TEMA 2

OS SECTORES PRODUTIVOS: O SECTOR PRIMARIO

TEMA 3

OS SECTORES PRODUTIVOS: O SECTOR SECUNDARIO

TEMA 4

OS SECTORES PRODUTIVOS: A TERCIARIZACIÓN DA ECONOMÍA GALEGA

2º TRIMESTRE

TEMA 5

POBOACIÓN E POBOAMENTO

TEMA 6

AS RAÍCES HISTÓRICAS DE GALICIA (DESDE A PREHISTORIA ATA A IDADE MEDIA)

TEMA 7

GALICIA NO ANTIGO RÉXIME (SÉCULOS XVI a XVIII)

3º TRIMESTRE

TEMA 8

GALICIA NO SÉCULO XIX E PRIMEIRO TERZO DO XX

TEMA 9

GALICIA DURANTE A GUERRA CIVIL E O FRANQUISMO

TEMA 10

GALICIA NA ACTUALIDADE

AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS

1) PROBAS ESCRITAS

Realizarase unha proba escrita como mínimo, por trimestre que constará de preguntas de teoría, definición de conceptos e análise de distintas fontes históricas. Para que estas probas ou exames fagan media entre si deberá acadarse unha cualificación mínima de 3,5 puntos.

- **Valoración das probas escritas:** 50% da nota total da avaliação

2) TRABALLO INDIVIDUAL OU DE GRUPO REALIZADO NA AULA/CASA

- ✓ Trátase de traballos –individuais ou de grupo- de pescuda e afondamento sobre temas propostos en cada unidade.
- ✓ Participación oral na aula ben a título individual ou en forma de debates.
- **Valoración do traballo individual ou en grupo:** 50% da nota total da avaliação

Outros aspectos que se terán en conta á hora de cualificar as distintas probas que realice o alumnado son:

- Se un alumno non se presenta a un exame, só terá dereito á realización do mesmo cando achegue un documento oficial por escrito que xustifique a devandita ausencia.
- A cualificación na avaliação ordinaria de maio será a media das tres evaluacións parciais. O resultado desta media redondearase segundo a evolución do/a alumno/a durante o curso.

RECUPERACIÓN

O alumnado que por diversas razóns non asista á clase e perda o dereito á avaliação continua terá que someterse a unha proba final de toda a materia no mes de maio.

Cando un alumno non acade os mínimos esixibles na avaliação, terá a posibilidade de recuperación realizando unha proba escrita sobre os mesmos contidos.

Se a nota media das tres evaluacións non chega ao aprobado, o alumnado terá dereito a unha última convocatoria, a través dunha proba única que se realizará no mes de maio (convocatoria ordinaria).

O alumnado que non aprobe na devandita convocatoria ordinaria deberá presentarse á avaliação extraordinaria de xuño (este curso será o primeiro no que a avaliação extraordinaria teña lugar no mes de xuño). Realizarase unha única proba escrita.

MATERIAL DE TRABALLO

O material, tanto teórico coma práctico, que se vai empregar neste curso está colgado na **aula virtual** do **IES Monte Castelo**. Para que o alumnado poida acceder ao mesmo ten que entrar na materia correspondente ao nivel de 2º BAC.

En calquera momento o profesor poderá achegar outro tipo de material (fotocopias, vídeos, audios, libros de consulta...) que estime oportuno para reforzar a teoría ou a práctica que se estea a traballar nese trimestre.